



## 29 de novembro 2014: Saída Micolóxica ás Gándaras de Budiño.

O pasado sábado 29 de novembro celebrouse unha actividade naturalista no espazo natural Ribeiras do Louro-Gándaras de Budiño organizada polo Grupo micolóxico Galego e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN).

A actividade consistiu nunha saída de mostraxe e identificación de fungos na que non se realizou recolleita de setas, senón que se identificaron e realizaron fotografías das especies para contribuír ó Catálogo de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño. Un grupo de 23 persoas do GMG, SGHN e a Asociación Herpetolóxica Española (AHE), fixeron unha visita guiada por expertos do GMG.

A Rede Natura 2000 é un conxunto de espazos protexidos destinada a garantir a supervivencia das especies e os seus hábitats. Está composta por milleiros de lugares de alto valor ecolóxico de toda Europa. A Rede Natura 2000 promove que a conservación da natureza beneficie ós cidadáns e contribúa ó desenvolvemento socioeconómico dos lugares.

As Ribeiras do río Louro sufriron unha grande transformación ó longo dos anos e hoxe en día a zona está totalmente transformada e perdeu unha parte dos seus hábitats e especies. A existencia de varias charcas e ecosistemas acuáticos de moito valor natural pola súa singularidade e escaseza deste tipo de hábitats en Galicia propiciaron a súa inclusión na Rede Natura 2000. O espazo natural alberga 5 hábitats prioritarios con boas representacións de vexetación acuática e turbeiras e importantes formacións de bosque de ribeira. Inclúe varias decenas de especies de vertebrados e invertebrados protexidos, destacando unha das derradeiras poboacións de sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) de Galicia. Actualmente estase a traballar na zona, catalogando fungos e myxomycetos, dos que se observa unha importante biodiversidade, consolidando outro dos valores a ter en conta dos ecosistemas das Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro.

A xeira foi pola beira do río Louro, con vexetación arbórea predominante formada por bosques mixtos de carballos e especies do bosque de ribeira (amieiros, salgueiros, freixos) e plantacións de piñeiros e eucaliptos. Os asistentes descubriron un heteroxéneo e abundante número de setas, fungos clavarioides como *Clavulina coralloides*, *Clavulina cinérea* ou *Clavulinopsis subtilis*, gasteromycetos como *Lycoperdon perlatum* ou *Cyathus striatus*, parásitos como *Armillaria gallica* ou *Stereum hirsutum*, e especies de gran valor culinario como *Agaricus arvensis* (neste con aroma a amendoa amarga) ou *Cantharellus cibarius*. Deste último xénero destacar a identificación de *Cantharellus ferruginascens*, do que non se atopan rexistros bibliográficos para Galicia. Tampouco faltaron as especies alóctonos, coma *Descolea maculata* e *Laccaria fraterna*, especies introducidas co eucalipto.

Unha parte dos fungos son complicados de identificar “de visu” no campo, pero rexistrouse unha gran cantidade e variedade de especies. Ecoloxicamente apreciáronse maior número de fungos saprófitos, seguido de micorrízicos e en menor medida parásitos, o que indica que a pesares das agresións sufridas no Espazo Natural, os fungos seguen presentando certo equilibrio en canto a xestión do medio refírese, que se completará paulatinamente con estudos máis exhaustivos.

O obxectivo desta actividade naturalista no espazo natural Ribeiras do Louro-Gándaras de Budiño, é a divulgación dos valores naturais do espazo natural e aportar datos para o coñecemento da biodiversidade e o estado ambiental.